# Manual da VPN para Android 4.x

## Instalación

1. Instala a aplicación `OpenVPN Connect`, que podes atopar en Google Play (polo de agora, non se publica por outros medios de maneira oficial aínda que é relativamente doado atopala).




1. Envía ó dispositivo o contido do arquivo `vpn-citius-22.zip` que recibiches por correo electrónico. Verás un arquivo con extensión p12, outro key e outro ovpn. É necesario que os tres estén gardados no mesmo directorio.
2. Arrinca a aplicación OpenVPN Connect, e selecciona `Import` » `Import profile from SD Card`. No navegador de arquivos que se abre, atopa e selecciona o arquivo coa extensión ovpn.
3. A aplicación tentará atopar o certificado. Debes seleccionar a única opción que debería aparecer, e premer en `Permitir`.
4. Introduce o teu usuario do CiTIUS e o contrasinal. Pulsa en `Conectar`.




5. Recibirás unha advertencia sobre o uso desta VPN e a posibilidade de que a aplicación intercepte todas as comunicacións, que debes aceptar.
6. Unha vez feito, a aplicación conectarase automáticamente.

## Conectarse e desconectarse da VPN

1. Abre a aplicación `OpenVPN Connect` e pulsar no botón `Conectar` ou `Desconectar`.




From:
https://wiki.citius.usc.es/ - **Wiki do CiTIUS**

Permanent link:
**https://wiki.citius.usc.es/centro:servizos:vpn:android?rev=1393794066**

Last update: **2014/03/02 22:01**